

Resolución programa Ler conta moito 2020

O vindeiro 20 de xullo publicárase no Diario Oficial de Galicia a *Resolución do 9 de xullo de 2020 pola que se da publicidade ás axudas concedidas ao amparo da Orde do 7 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia.*

As bibliotecas ou axencias de lectura públicas beneficiaras das axudas do programa Ler conta moito deberán:

1.- **Seleccionar as actividades de animación á lectura** que van a realizar polo importe concedido, no Catálogo Ler conta moito 2020, que a Dirección Xeral de Políticas Culturais ten a súa disposición na páxina da Rede de bibliotecas públicas de Galicia

<https://rbgalicia.xunta.gal/rbgler/solicitudes-subvencion>

O prazo de solicitude comezará o **20 de xullo ata o 30 de xullo, inclusive.**

As actividades seleccionadas por cada biblioteca ou axencia de lectura, quedarán confirmadas unha vez que sexan seleccionadas para que se visualicen na axenda de actividades do programa Ler conta moito. Pechado o prazo de selección, os cambios puntuais que xurdan da programación inicial (datas, horas, actividade...) deberán comunicarse ao Servizo do Sistema de Bibliotecas, enviando un correo a lercontamoito@xunta.gal ou no seguinte teléfono: 981 957 278 para a súa aprobación e actualización de datos na axenda de actividades Ler conta moito.

2.- **Programar un mínimo de dúas actividades** das establecidas no Catálogo Ler conta moito 2020.

3.- O **período de programación** de actividades comprenderá dende a data da publicación da resolución, **20 de xullo ata 25 de outubro do 2020, inclusive.**

4.- O **importe concedido** a cada Concello deberá empregarse para **financiar o 75%** do custo de cada unha das actividades, debendo financiar con **fondos propios o 25% restante** de cada actividade.

Para o **pagamento total da axuda concedida** de 859,03 € o Concello deberá xustificar un gasto mínimo de 1.145,73 €. De xustificar unha cantidade total menor de 1.145,73 €

a Consellería de Cultura e Turismo, aboará o 75% da cantidade xustificada.

5.- **As actividades deben desenvolverse en galego, nas instalacións da biblioteca,** espazos do Concello ou en exteriores e deberán manter unha relación clara entre o servizo bibliotecario e a actividade de promoción da lectura.

6.- **Confirmar as actividades** no programa de xestión de Ler conta moito, unha vez realizadas, nun prazo de **5 días hábiles** e cubrir a pequena valoración sobre as mesmas.

7.- **Incorporar o logotipo do programa** en todas as accións de difusión e/ou actividades complementarias.

8.- Cargar directamente no **blog do programa ler conta moito**, dispoñible no portal da Rede de Bibliotecas, unha imaxe que visibilice como foi o desenvolvemento da actividade na biblioteca así como un comentario explicativo que a acompañe, **ao remate da actividade ou nos cinco días posteriores.**

Por último, co fin de coñecer a opinión dos asistentes ás actividades, ponse a disposición de todas as bibliotecas ou axencias de lectura participantes no programa unha enquisa de avaliación para que a pasedes ao remate da actividade e deste xeito saber o grado de satisfacción dos usuarios.

Os resultados destas enquisas e as vosas opinións teranse en conta no momento de seleccionar actividades para o catálogo do vindeiro ano e para poder mellorar algún aspecto do programa.

Lembrede comunicar aos artistas que deben facturar a totalidade do importe da actividade ao Concello que a contratou para a súa realización na biblioteca ou axencia de lectura.

Para calquera dúbida poderá enviar un correo a lercontamoito@xunta.gal ou no seguinte teléfono: 981 957 278.